

JEAN-LOUIS RENAUD

O home das bonecas

Traducido por Xavier Senín



Vólvense os paxaros contra as escopetas





I

É unha peza no andar superior completamente cerrada, revestida con mosaicos visibles nas esquinas das espesas alfombras, teitada cun artesoado de veludo, cunha ancha ventá con celosías velada por unha cortina vermella con figuras quiméricas bordadas e unha severa moblaxe de estilo antigo. Predomina no conxunto a tonalidade marrón, que adorna a luz cunha penumbra de vidreira, unha sorte de impresionantes e misteriosas tebras que casan co estraño ornato das

paredes. Ao longo das cortinas, coma se se tratase dun xogo de tiro de feira, a media altura, diversas bonecas penduran duns fíos.

Encol das mesas amoréanse, medio atrapalladas, leixións de figuras exóticas ou indíxenas, estrafalarías ou comúns, dende a pequena porcelana de Saxonia até o soldado de chumbo¹. Sobre os asentos e as alfombras, máis bonecas, algunhas incompletas, fragmentos de máscaras, anacos de corpos, restos de cabeleiras, teas multicolores luídas ou vistosas aparecen ciscados nun barullo de tenda de poxas onde o monicreque de pacotilla se mestura coa figura de luxo. Riba dun sofá sen brazos nin respaldo, unha especie de leito baixo e espazoso cunha marfallada de requintados coxíns, reina a mesma desorde discordante.

Aquilo aseméllase a nada e aseméllase a calquera cousa: rocho de anticuario, cuarto de artista ou toqueira de tolo. O conxunto resulta máis ben triste, sen a vida do bazar, sen a claridade do obradoiro, triste coma un abandono, coma unha derrota... Para ser máis exactos, habería que dicir que imita un mundo de fantasmagoría caído de súpeto baixo algún meigallo, estático no ademán dun momento e á espera dunha vindeira

¹Se ben xa o ourive Benvenuto Cellini (Florencia, 1500-1571) realizou algunhas miniaturas en prata de soldados da súa época, e Luís XIII de Francia (Fontainebleau, 1601-Saint-Germain-en-Laye, 1643) é o primeiro coleccionista coñecido destas figuras, pois posuía un exército que lle regalara a súa nai, María de Médicis, o soldado de chumbo para coleccionistas nace en Núremberg en 1775, da man de Johann Gottfried Hilpert (1748-1832) e o seu irmán Johann Georg Hilpert (1733-1811), a partir de figuras do exército de Federico II o Grande (Berlín, 1712-Potsdam, 1786), tamén el coleccionista. Fundíanse en estaño, abundante na zona, en moldes de lousa tallados por unha soa cara.

resurrección. Sen dúbida irromperá un mago e, obedecendo o seu sinal, todos eses pequenos corpos darán en buligar, botarán a andar, silandeiros, sen o frufrú dun vestido nin o saluco dun hálito, con movementos rítmicos de autómatas, e comezarán a ocuparse das súas mesquiñas angueiras de fantoques no misterio do alto cuarto cerrado, revestido e mudo...

